



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CORO

INDICE

- **INTRODUCCIÓN**
- **OBXECTIVOS DAS ENSINANZAS**
 - OBXECTIVOS DO GRAO PROFESIONAL
 - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO GRAO PROFESIONAL
- **METODOLOXÍA**
- **ATENCIÓN A DIVERSIDADE**
- **TEMAS TRANSVERSAIS**
- **TRATAMENTO DAS TIC**
- **ACTIVIDADES CULTURAIS E PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS**
- **SECUENCIACIÓN DO CURSO**
 - OBXECTIVOS
 - CONTIDOS
 - AVALIACIÓN
 - CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
 - AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA
 - PROBAS DE SETEMBRO
 - RECURSOS

Introdución

A voz cantada é o instrumento perfecto, capaz de transmitir as emocións máis profundas; nós somos o instrumento. O canto é, por tanto, a expresión artística a través da voz e constitúe o máis sutil e fermoso medio de comunicación que posúe o ser humano. A materia de Coro vai abordar o coñecemento e práctica que fundamentan o canto e o seu uso dentro dun conxunto vocal, terreo esencial na formación integral do futuro músico. Durante todo o proceso educativo dos estudos musicais, a aprendizaxe instrumental desenvólvese en soidade a maior parte do tempo, polo que resulta necesario e estimulante para o alumno unha practica colectiva, que repercuta directamente no desenvolvemento das capacidades sociais (necesarias para profundar noutros aspectos) e do desenvolvemento persoal. Isto conduciralle, progresivamente, a unha madurez interpretativa, entre outros logros.

Hai que facer notar, as dificultades que poden presentarse ao ter que traballar con alumnos cuxo instrumento (a súa propia voz) non se atopa nas mellores condicións para cantar, ben por sobreesforzos realizados na súa vida cotiá, ben por enfermidades relacionadas directamente co seu aparello fonador (normalmente pasaxeiras), ou ben por atoparse nunha idade na que a cal a voz non se atopa estabilizada como consecuencia dos cambios propios da adolescencia (alongamento da larinxe) ou, quizá tamén, porque estea afectada por algunha situación psicolóxica desestabilizadora que a afecte. Moitos son os factores que nos inflúen como instrumento humano. O papel que esta materia ten nos ensinos dos instrumentos "non sinfónicos" é esencial, xa que estes alumnos estudarán os seis cursos dos Ensinos Profesionais. Así, a disciplina que nos ocupa convértese nun instrumento de apoio e referencia considerable na formación instrumental, no seu aspecto auditivo.

Por outra banda, igual que sucede coas materias de orquestra, de banda e de conxunto, a actividade coral ha servir tamén para evitar o illamento do instrumentista dentro dun repertorio, unhas dificultades e un *modus operandi* de carácter fortemente individual. A cambio, o alumnado sentirase partícipe dunha interpretación colectiva, na cal a afinación (case sempre fixa nos instrumentos polifónicos, que non requiren da participación do intérprete para conseguila), o empaste, a homoxeneidade no fraseo e a claridade das texturas serán algúns dos obxectivos para acadar. A actitude de escoita e de adecuación da súa voz á dos seus compañeiros de rexistro, por unha banda, e á suma de todo o conxunto, por outra, redundarán tamén en beneficio da amplitude de miras e do enriquecemento musical do instrumentista.

O coro fomentará, ademais, as relacións humanas entre o alumnado, afeito a unha práctica instrumental individual. Como na execución orquestral, o coro incentivará tanto unha actitude de disciplina como a necesidade de seguir as indicacións da dirección, de xeito que o traballo realizado nos ensaios pode dar os seus froitos no concerto ou na interpretación da versión definitiva dunha obra. A sensación, como integrantes dun corpo colectivo, será tamén moi

diferente, xa que o alumnado sentirá a responsabilidade compartida, ao se ver apoiado e, dalgún xeito, protexido polos demais membros cos cal, sen dúbida, xurdirán relacións de compañeirismo e de intercambio.

Obxectivos das ensinanzas

Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

Interpretar música en grupo habituándose a escoltar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.

Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Obxectivos xerais do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademáis, as capacidades seguintes:

Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

Analizar e valorar a calidade da música.

Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

Obxectivos específicos do grao profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida,

Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación

Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.

Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

Obxectivos específicos

As ensinanzas de coro terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral.

Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.

Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.

Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.

Ler á primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras. Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

Metodoloxía

O currículo debe ser aberto polo que os métodos de ensino son en ampla medida responsabilidade do profesor. Aínda así, coa finalidade de regular a práctica docente, poderemos sinalar os seguintes principios metodolóxicos de carácter xeral:

A finalidade de toda tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do alumno. A Música é un vehículo de expresión de emocións, un instrumento á nosa disposición.

O profesor debe ser un guía, conselleiro que da solucións concretas a dificultades concretas. Debe dar opcións e non impoñer criterios. Debe tratar de estimular e motivar ó alumno.

A Programación Didáctica debe ser aberta e flexible para poder adaptala ás características e necesidades de cada alumno, tratando de desenvolver ás súas posibilidades e de suplir ás súas carencias.

A aprendizaxe debe ser funcional, é dicir, debe ser posible unha aplicación práctica do coñecemento adquirido e á súa vez, os contidos deben ser necesarios e útiles para realizar outras aprendizaxes.

A avaliación é un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada no alumno e o seu propio desenvolvemento, aportándolle información sobre o que realmente progresou respecto das súas posibilidades, sen comparacións con normas preestablecidas de rendemento.

O profesor debe avaliar tamén o seu propio traballo, a efectividade da programación e a súa intervención.

A avaliación no grao elemental levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

É necesario que o alumno participe no proceso a través da autoavaliación e a coavaliación, nunha etapa na que se pretende impulsar a autonomía do alumnado e a súa implicación responsable.

Atención á diversidade

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

Temas transversais

Educación en valores

As ensinanzas de música nos conservatorios deberán fomentar a educación en valores tales como a educación para a paz, a educación ambiental, a igualdade de oportunidades entre sexos, educación cívica e moral, educación para a saúde, etc.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As TIC's ofrécennos diversidade de recursos de apoio á ensinanza (material didáctico, entornos virtuais, internet, blogs, wikis, webquest, foros, chat, mensaxerías, videoconferencias, e outros canais de comunicación e manexo de información) desenrolando creatividade, innovación, entornos de traballo colaborativo, promovendo o aprendizaxe significativo, activo e flexible.

Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As ensinanzas de música fomentarán a realización de actividades culturais e de promoción das ensinanzas tales como concertos, audicións de alumnos, intercambios, conferencias, exposicións, etc.

Secuenciación do curso

Obxectivos

Familiarizarse coa linguaxe xestual propio da dirección coral

Controlar de xeito consciente o mecanismo respiratorio e a emisión vocal para enriquecer as posibilidades tímbricas e proporcionarlle á voz capacidade de resistencia.

Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

Decatarse da importancia de escoitar o conxunto e de integrarse nel para contribuír á unidade sonora.

Coñecer a través da práctica coral tanto a música da nosa tradición occidental como a doutras culturas, facendo así patente a súa importancia na formación integral da persoa e afondando no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

Recoñecer os procesos harmónicos e formais a través do repertorio vocal.

Ler á primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras. Participar na planificación e na realización en equipo de actividades corais valorando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos establecidos, amosando unha actitude flexible e de colaboración, e asumindo responsabilidades no desenvolvemento das tarefas.

Contidos

Respiración, entoación, articulación e resonancia como elementos básicos da emisión vocal

Vocalizacións, entoación de acorde e cadencias para desenvolver o oído harmónico e a afinación.

Práctica da memoria como elemento rector da interpretación.

Desenvolvemento da audición interna como elemento de control da afinación, da calidade vocal e da cor sonora do conxunto.

Entoación de intervalos consonantes e disonantes en diferentes graos de complexidade para afianzar a afinación.

Práctica da lectura a primeira vista.

Análise e interpretación de repertorio de estilo polifónico e contrapuntístico a catro e máis voces mixtas con ou sen acompañamento instrumental.

Adquisición progresiva da seguridade persoal no exercicio do canto coral.

Valoración do silencio como marco de interpretación.

Interpretación dos textos que favorezan o desenvolvemento da articulación, a velocidade e a precisión rítmica.

Análise e interpretación de obras do repertorio coral de diferentes épocas e estilos, así como doutros xéneros e outros ámbitos culturais.

(Os contidos marcados en negriña, son considerados **mínimos esixibles** para superar a materia nos distintos cursos).

Avaliación

A avaliación no grao profesional levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na presente Programación Didáctica. A avaliación dos alumnos/as será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos/as como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Os resultados da avaliación final expresaranse mediante escala numérica de 1 a 10 sen decimais (consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco). A Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación da asignatura en caso de ter avaliación negativa.

Criterios de avaliación

Reproducir en cuarteto –ou a correspondente repartición- calquera das obras programadas durante o curso. Mediante este criterio trátase de valorar a seguridade para interpretar a propia parte, xunto coa integración equilibrada no conxunto, así como a capacidade de articular e afinar con corrección.

Reproducir calquera das obras programadas durante o curso en conxunto de tres ou máis membros por corda. Este criterio trata de avaliar a capacidade para adecuar todos os elementos da interpretación á eficacia do conxunto e a actitude de colaboración entre os participantes.

Repentizar obras homofónicas de pouca ou mediana dificultade, e de claros contornos tonais. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de relacionar a afinación co sentido tonal e a destreza de lectura á vista.

Repentizar unha obra polifónica de carácter contrapuntístico de pequena ou mediana dificultade. Trátase de avaliar a capacidade de integración na lóxica do discurso musical a través dos xogos imitativos.

Preparar unha obra en grupo, sen a dirección do profesorado. Este criterio trata de valorar a capacidade para aplicar os coñecementos dos elementos que interveñen na interpretación de xeito adecuado co estilo elixido.

Entoar acordes a catro voces en estado fundamental a partir do diapasón, ampliando progresivamente a dificultade e variando o son de referencia. Con este criterio trátase de avaliar a

capacidade para que cada membro do coro pense nun tempo mínimo o son que lle corresponde e o reproduza de forma afinada.

Mínimos esixibles

Os contidos marcados en negriña, son considerados **mínimos esixibles** para superar a materia nos distintos cursos.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións do alumnado o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación:

Observación sistemática.

Diario de clase.

Audicións de alumnos.

Traballos en grupo.

Grabacións en audio o video.

Probas de nivel.

Criterios de cualificación

Diario de clase (observación directa): 70%

Audicións: 20%

Actitude: 10%

Calibración

Realizarase, ao menos, unha proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6 da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite,

sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado que a avaliación é continua, o alumno/a que suspenda algunha avaliación poderá recuperala no seguinte trimestre.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia no mes de xuño poderán recuperala no mes de setembro mediante a realización dunha proba específica. O profesor titular da materia realizará un informe individualizado a aqueles alumnos que non superen a materia en xuño no que se especificarán os contidos da citada proba.

Recursos didácticos

Aula ampla

Piano

Gradas para cantores e podio para o/a director/a.

Partituras de obras de diferentes épocas e estilos:

Canons. Exercicios Vocais: Concone. Vaccai.

Polifonía Coral do Renacemento español e europeo.

Polifonía Coral do Barroco, Clasicismo e Romanticismo.

Pezas instrumentais arranxadas para cantar, de diferentes autores.

Negros Espirituais.

Cancións populares galegas e do folclore europeo.

Obras do repertorio sinfónico - coral.

Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Tendo en conta o principio metodolóxico nº3, a relación de recursos didácticos (métodos, obras, dúos, técnica, traballos teóricos, etc.) exposta nesta programación ten un fin orientativo á actividade docente, sendo susceptible de ser ampliada ou modificada segundo as características específicas do alumnado, pero sempre baixo o criterio pedagóxico do profesor titular da materia.

Basándonos no principio metodolóxico nº5, o profesor levará a cabo de forma continua e personalizada a avaliación de cada alumno, sendo imprescindible para este cometido un

seguimento individualizado no que se terá en conta o traballo e o esforzo semanal, a asistencia a clase e o desenrolo das capacidades do alumno tendo sempre como punto de referencia a avaliación inicial.

Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento levarase a cabo nas reunións de departamento (das que levantarase acta) mediante o seguimento das programacións didácticas, análise dos resultados de avaliación do alumnado e propostas de revisión e modificación, se procede, das programacións didácticas.